

*UN cuarto.*

*UNHA FILLA está facendo a maleta porque marcha.*

*UN PAI despídea.*

UN PAI: Seguro que non queres levar o plumas?

UNHA FILLA: Non teño onde metelo, papá. Xa mercarei un.

UN PAI: Cantos cartos levas? Pódoche dar algo.

UNHA FILLA: Non fai falta, co que teño pododo ir tirando.

UN PAI: Non o podes levar todo. É importante levar o mínimo, non encher os armarios de primeiras e ter espazo para meter máis cousas. E tamén é importante deixar o imprescindible para non necesitar nada cando volvas.

UNHA FILLA: A ver, papá, aclárate.

(...)

UN PAI: Lembro que cando eu deixei a casa dos avós tiña os cartos xustos para chegar ao final da quincena. Na fonda á que fun podíase pagar por semanas, así que non tiven problema. Rapidamente me decatei de que a vida ía en serio cando me tiveron traballando unha semana de camareiro e non me pagaron. Tiven que chamar outra vez a miña nai para pedirlle que me xirase algo. Lembro a sensación de derrota. Despois entendín que eles sentiron todo o contrario: foi unha vitoria que os chamara.

UNHA FILLA: Vaime ir ben. Non te preocupes, non vou á guerra.

(...)

UN PAI: Sempre estás ben.

UNHA FILLA: Non entendo.

UN PAI: Marchas sen un can, deixas a carreira para ir a Madrid compartir cuarto vai ti saber con quen para traballares en algo que nin pododo entender. Permítete queixarte.

UNHA FILLA: E que non teño queixa de nada.

UN PAI: Como que non? Se marchas, será que aquí non fomos suficiente. Ser suficiente é a miña obriga.

UNHA FILLA: É que non teño nada que vos reprochar. Marcho porque quero. Quero marchar.

UN PAI: Porque queres máis.

UNHA FILLA. Si. Ten algo de malo?

UN PAI: Non, non sabía que estabas tan mal aquí.

UNHA FILLA: Xa está, papá. Xa é tarde. Teño que marchar.

UN PAI: Síntoo.

UNHA FILLA: Non, non saias con iso...

UN PAI: Sinto que non estivera. Pero agora estou. Vou estar. Apañarémonos. Estou, queda.

UNHA FILLA: Este é un día feliz. É o día en que poño a primeira pedra. É un día que lembrarei e do que falarei no futuro. Que lembraremos. O día do salto. O día inaugural. O comezo de quen serei. (...) Non quero quedar, non hai nada que poidas facer para que quede. Sei o lugar que ocupo, seino. Levo media vida indo e vindo. Indo e vindo cunha maleta de fin de semana. Non hai ningunha promesa nova que poida crear a fantasía de que pertenzo a outro lugar distinto do que eu mesma constrúa con estas mans. Todo está ben, non teño nada que reprochar. Eu estou ben, quero que ti esteas ben. (*Pechando a maleta.*) Veña, axúdame a pechar isto.

(...)

UN PAI: Colle polos menos estes cartos.

UNHA FILLA: (...)

UN PAI: Cólleos por min.

UNHA FILLA: Non é necesario, en serio...

UN PAI: Cólleos, por favor! (...) Preciso... preciso sentir que estou a facer algo. Que cheguei a tempo. Sei que te vas valer soa. Sei que es forte, valente... o que ten medo son eu. Teño moito medo. Teño a certeza de que non vas volver.

UNHA FILLA: Claro que vou volver, aínda que non sexa nada máis que para comer o caldo! (*Rin.*)

UN PAI: Perdoa.

UNHA FILLA: Non volvas con iso porque ao final vasmе poñer de mala hostia...

UN PAI: Vas á procura dun lugar porque aquí non o tiñas.

UNHA FILLA: Acabaches xa?

UN PAI: Se acabei con que?

UNHA FILLA: Coa escena.

UN PAI: Tes razón, perdoa.

UNHA FILLA: Deixa, por favor, de pedir perdón! Maldita educación xudeucristiá. Perdoa por isto, perdoa por aquilo. Non sei en que universo é *guai* que che metan o perdón polos fociños. Eu son dona da miña vida e das miñas decisións e non consinto que me fagas sentir mal por ter a valentía de pelexar o que ti non pelexaches. Estou farta de escoitarte botarlle a culpa ao sistema, ao IBEX, ao veciño ou ao neoliberalismo. A todos menos a ti.(...) Estou ben, estaremos ben. Volverei polo Nadal.

(...)

*UN PAI colle a maleta e tíraa pola ventá.*

UNHA FILLA: Estás tolo???

UN PAI: Non podes marchar, es demasiado nova, non podes marchar cunha maleta de merda para unha cidade inmensa, dura, fodida. As grandes cidades son unha trituradora de rapazas coma ti. Pensades que sodes as máis listas, as máis enxeñosas, que o mundo é para os valentes, para os audaces, que a consegue quen a segue, que os sonhos son de quen os traballa. Que os demais non temos o que soñamos porque non o pelexamos. Mentira! Mentira! Mentira! Todo iso non é para xente coma nós, non o entendes? Non é para ti nin para min! Non o podo consentir.

UNHA FILLA: Perdón.

UN PAI: Eu non che ensinei iso, eu non che ensinei iso...

UNHA FILLA: Xa o sei.

*UNHA FILLA marcha.*